

ESTE NADAL...

#BueuTenPremio

Sube un vídeo ás túas redes sociais mostrando o teu espírito de Nadal, mencionando ao **@ConcellodeBueu** e o cancelo **#BueuTenPremio** ... e poderás gañar un **vale de 100 €** para gastar no **Comercio do Morrazo**.



Inicio: 10 decembro
Peche: 6 xaneiro ás 00:00

Para máis información, consulta as bases en www.concellodebueu.gal

Bases do certame

OBXECTIVOS

Promoción e fomento do consumo nos establecementos locais a través das redes sociais, por ser unha forma dinámica de poder chegar ao maior número de públicos posibles.

Axudar aos comercios e establecementos da vila a integrarse e coñecer os beneficios da era dixital.

Contribuír á dinamización do espírito de Nadal na vila, tanto nos espazos públicos como nos comercios.

TIPOLOXÍA DOS VÍDEOS

Haberá dúas vertentes para participar no certame con temática libre, pero sempre tendo en conta o espírito do Nadal

1. Vídeos nos que se mostre a decoración de Nadal dos comercios locais.
#NoNadalComercioLocal

2. Vídeos nos que se observe a decoración de Nadal en fogares ou espazos públicos.
#NoNadalEspazosLocais

Todos os vídeos do certame deberán estar localizados no termo municipal de Bueu.

REQUISITOS

- Imprescindíbel o emprego da **lingua galega**, xa sexa de maneira escrita, oral ou musical.
- Debe ser contido propio e orixinal.
- Os vídeos deben estar sempre localizados en **Bueu**.
- Publicar o vídeo na plataforma de Instagram, TikTok, ou en ambas, mencionando o **@concellodebueu** xunto cos cancelos apropiados segundo as categorías.
- Os vídeos non poderán conter accións violentas, apoloxía da violencia, mensaxes de odio ou de carácter ofensivo.
- Duración máxima: **120 segundos**.
- Ser maior de 16 anos.

PREMIOS

Haberá un total de seis premios que se dividirán do seguinte xeito:

COMERCIO

1 premio ao vídeo de "Maior número de visualizacións".
2 premios decididos polo xurado.

ESPAZOS

1 premio ao vídeo de "Maior número de visualizacións".
2 premios decididos polo xurado.



Cada un dos seis premiados recibirá un **vale de compra de 100€** para gastar nos establecementos do **Comercio do Morrazo**.

PRAZOS E PROCEDEMENTOS

O Nadal está preto!!!! Xa podedes imaxinar os vosos guions, porque o comezo do certame terá lugar o **día 10 de decembro e pechará o 6 de xaneiro ás 00:00 horas**.

Pasos para participar:

1. Grava un vídeo co teu máximo espírito de Nadal en Galego.
2. Súbeo ás redes sociais (Instagram, TikTok ou ambos) mencionando ao **@concellodebueu** xunto co cancelo **#BueuTenPremio**
3. Se participas na categoría de comercio, deberás empregar o cancelo **#NoNadalComercioLocal**, e se participas no de espazos, **#NoNadalEspazosLocais**
4. Podes participar en ambas categorías sempre que empregues os cancelos correspondentes.
5. Así de sinxelo!

XURADO

O xurado que elixirá as persoas gañadoras, a partir da **orixinalidade e creatividade** das pezas audiovisuais, estará conformado por representantes do:

- **Concello de Bueu**
- **FECIMO**
- **FICBUEU**
- **Asociación Veciñal Banda do Río**

As persoas gañadoras serán elixidas polo xurado despois do 7 de xaneiro. Posteriormente, faranse públicos os seus nomes a través das redes sociais do Concello de Bueu, e comunicarse de forma individual a cada unha das gañadoras.

